



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 58/2019

**ADENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº 27/2019 ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN DE LIBREROS DE GALICIA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS FEIRAS DO LIBRO NA PROVINCIA E A GALA DO LIBRO GALEGO 2018**

Na Coruña a 7 de xuño de 2019

**REÚNENSE**

**Dona Goretti Sanmartín Rei**, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística en funcións, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área en representación da Deputación Provincial da Coruña.

**Dona Pilar Rodríguez Álvarez**, en representación da Federación de librerías de Galicia.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

**MANIFESTAN**

Primeiro: Que o convenio de colaboración nº 27/2019 entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Federación de librerías de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das *Feiras do Libro na provincia e a Gala do Libro Galego 2018*, foi asinado polas partes o día 27.03.2019.

Segundo: Que posto de manifesto a existencia dun erro no NIF da Federación de librerías de Galicia, así como a necesidade de ampliación do prazo de xustificación e da vixencia do convenio a fin de posibilitar o seu cumprimento, é preciso modificar o convenio para corrixir o texto das cláusulas I, VII e XIII.

Tercero: Que as partes acordan a necesidade da subscripción da Adenda que recolla as modificacións a realizar.

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.-** É obxecto da presente Adenda modificar o NIF da Federación de librerías de Galicia na cláusula I, o prazo de xustificación na cláusula VII e o prazo de vixencia na cláusula XIII do convenio nº 27/2019 formalizado con data 27.03.2019.

**SEGUNDA.-** Como cumprimento do indicado anteriormente, as cláusulas I, VII e XIII quedan redactadas deste xeito:

**ONDE DI:**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Federación de librerías de Galicia con NIF: G15089410, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento das Feiras do Libro na provincia e a Gala do Libro Galego 2018.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2018, como máximo.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Federación de librerías de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de abril de 2019**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación de librerías de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Federación de librerías de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación de librerías de Galicia.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Federación de librerías de Galicia terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de xuño de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado desde o 1 de xaneiro de 2018.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2019 autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude da Federación de librerías de Galicia, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **DEBE DICIR**

#### **I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Federación de librerías de Galicia con NIF: V15038458, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento das Feiras do Libro na provincia e a Gala do Libro Galego 2018.**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2018, como máximo.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Federación de librerías de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de xullo de 2019**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación de librerías de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Federación de librerías de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación de librerías de Galicia.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Federación de librerías de Galicia terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de setembro de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado desde o 1 de xaneiro de 2018.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2019 autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude da Federación de librerías de Galicia, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

O resto do clausulado mantense no mesmo senso que o establecido no convenio asinado

Faise constar que a presente addenda foi aprobada polo Pleno da Corporación o 31 de maio de 2019.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA,**  
PD. Deputada de Cultura e Normalización Lingüística

**O REPRESENTANTE DA FEDERACIÓN DE LIBREROS DE GALICIA**

Asdo.: Dona Goretti Sanmartín Rei

Asdo.: Dona Pilar Rodríguez Álvarez

**O SECRETARIO XERAL  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. José Luis Almau Supervía